

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLO ATENTADO DO PASADO 30 DE DECEMBRO DE 2006**

Esta fin de semana a banda terrorista ETA perpetraba un novo atentado na Terminal 4 do aeroporto de Madrid-Barajas, a consecuencia do cal se perderon, presumiblemente, dúas vidas.

Queremos, en primeiro lugar, expresar a nosa solidariedade coas vítimas desta acción terrorista, que como todas as anteriores consideramos absolutamente desprezable e condenable, e que ademais enterra as ilusións e a esperanza abertas nun amplo sector da sociedade que agardaba a fin definitiva da violencia de ETA.

ETA volveu a esgrimir os seus argumentos, o horror e o terror, co fin de amedrentar á sociedade cara á consecución dos seus fins.

Con esta concentración anovamos a nosa postura democrática, de loita pacífica, de respecto aos dereitos fundamentais das persoas, de defensa da vida, da paz e da liberdade, de condena sen paliativos dos que a través da violencia tentan de impoñer as súas ideas. Asemade, amosamos o noso apoio e agradecemento ás forzas e corpos de Seguridade do Estado, que cada día velan e defenden as liberdades fundamentais e a democracia, expoñendo as súas propias vidas. E sumámonos á dor das familias e amizades das dúas persoas desaparecidas.

Por último, queremos facer un chamamento á unidade institucional de todos os partidos políticos e de toda a sociedade para poder loitar eficazmente contra o terrorismo. Porque a nosa convicción democrática é a que nos mantén firmes nos nosos ideais e porque cremos que só a través da democracia e das institucións democráticas seremos quen de construír un futuro de paz, plural e libre, no que todas e todos temos cabida.

**Grazas pola vosa presenza.**

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2007